



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 05.07.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.09 h do 05.07.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 635/2018 ao núm. 767/2018**

Os concelleiros danse por informados.

**2. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito núm. 11/2018, subexpediente núm. 2/2018 de suplemento de crédito**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 24.06.2018 pola unanimidade de todos os seus membros:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente modificativo de créditos 11/2018, subexpediente 02/2018 de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, tendo en conta a exposición de motivos que consta fundamentada na memoria e providencia que se achegan no expediente, ao expoñerse as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, e que se dan aquí por reproducidas.

Considerando os informes e certificados que ó respecto emitiu a intervención municipal e que constan no expediente, sométese a esta Comisión a seguinte PROPOSTA:

Primeiro. - Aprobar o expediente modificativo de créditos 11/2018, subexpediente 02/2018 de suplemento de crédito, financiado con novos ingresos por un importe global de 245.793, segundo o seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias suplementadas:

Aplicación	Proxecto	CONCEPTO	Importe
34263200	DEB18	REFORMA DA PISTA POLIDEPORTIVA DE SAN VALENTÍN	76723,78
161/61900	DEB18	RENOV. ABAST. CRUCE AVDA DAS PIAS - MARQUÉS DE FIGUEROA	142038,94



011/91311	DEB18	Amortización anticipada préstamo BBVA 2010	27030,92
-----------	-------	--	----------

Medios de financiación do gasto: propónse que a financiación se realice con cargo a novos ingresos procedentes do préstamo concedido pola Deputación Provincial de A Coruña ó abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 2018 por un importe de 245.793,64 €.

Segundo. - Financiar o expediente de suplemento de crédito núm. 02/2018 con novos ingresos por importe de 245.793,64 euros.

Terceiro.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

Cuarto. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo.

Fene, 20 de xuño de 2018

O alcalde,  
Gumersindo Pedro Galego Feal"

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Primeiro. - Aprobar o expediente modificativo de créditos 11/2018, subexpediente 02/2018 de suplemento de crédito, financiado con novos ingresos por un importe global de 245.793,segundo o seguinte detalle:**

**Aplicacións orzamentarias suplementadas:**

Aplicación	Proxecto	CONCEPTO	Importe
34263200	DEB18	REFORMA DA PISTA POLIDEPORTIVA DE SAN VALENTÍN	76723,78
161/61900	DEB18	RENOV. ABAST. CRUCE AVDA DAS PIAS - MARQUÉS DE FIGUEROA	142038,94
011/91311	DEB18	Amortización anticipada préstamo BBVA 2010	27030,92

**Medios de financiación do gasto: propónse que a financiación se realice con cargo a novos ingresos procedentes do préstamo concedido pola Deputación Provincial de A Coruña ó abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 2018 por un importe de 245.793,64 €.**

**Segundo. - Financiar o expediente de suplemento de crédito núm. 02/2018 con novos ingresos por importe de 245.793,64 euros.**

**Terceiro.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.**

**Cuarto. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo.**



### **3. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 8/2018**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 24.06.2018 por 4 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 08/2018.

A factura incluída no presente expediente corresponde a servizos prestados e facturados no exercizo 2017, polo que para proceder á súa aprobación deberá aprobarse o recoñecemento extraxudicial de créditos.

O nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

O gasto que se propón recoñecer como extraxudicial foi realizado no 2017, resultando necesario e indispensable para o normal funcionamento dos servizos municipais, pero non poideron ser imputados ó exercizo ó que correspondían pola inexistencia de crédito no orzamento ao que deberían ser imputados.

Considérase necesario e obrigado atender aos gastos incurridos para evitar o perxucio ao terceiro contratante coa Administración, e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa de ésta.

Así mesmo, a imputación do gasto ao exercizo corrente encádrase dentro dos marxes para efectuar un recoñecemento extraxudicial de crédito polo concello de conformidade coas disposicións das BEO 31ª do orzamento do exercizo 2015, prorrogado, e considerando a efectiva prestación dos servizos, suministros e obras constando factura acreditativa e certificación asinada polo técnico municipal director da obra.

A intervención municipal con data 20.06.2018 emite o informe de fiscalización 199-2018 en relación ao presente expediente no que emite as seguintes conclusións:

#### **“IV.- CONCLUSIÓN.-**

Fiscalízase de disconformidade, con efectos suspensivos a factura

Data entrada	Núm. doc.	Data doc.	Importe	NIF	Nome	Concepto
16/05/2017	EO0000 69	02/05/2017	15.159,30	B15608193	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	Liquidación de Campo de Fútbol de Herba artificial en O Pote (Maniños)



por non respetar os requisitos da contratación, xa que no momento de realizarse o gasto non existía crédito orzamentario.

En relación á tramitación deste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos esta intervención debe advertir da excepcionalidade que o lexislador confire ó expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, dendo evitar que se convirta nunha técnica orzamentaria habitual xa que eso imposibilitaría a valoración da xestión orzamentaria anual en relación co cálculo das magnitudes económico-financieiras e orzamentarias, de forma que se incumpriría unha das finalidades do cálculo de tales magnitudes, cal é a de suministrar aos órganos xestores información veraz sobre a imaxe fiel da situación da entidade para así posibilitar a programación de políticas orzamentarias acordadas coas directrices políticas que os órganos responsables da xestión municipal estimen máis convenientes aos intereses xerais.”

No informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago da factura pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo interposto pola intervención municipal á aprobación das facturas seguintes

Data entrada	Núm. doc.	Data doc.	Importe	NIF	Nome	Concepto
16/05/2017	EO0000 69	02/05/2017	15.159,30	B15608193	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	Liquidación de Campo de Fútbol de Herba artificial en O Pote (Maniños)

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da factura que consta no expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/2018 por un importe total de 15,159,30 € .

Terceiro.- Autorizar e dispoñer do gasto e recoñecer a obriga a favor do proveedor, polo importe que se especifica e con cargo á aplicación orzamentarias 342/63200, e ordenar o seu pagamento:

Data entrada	Núm. doc.	Data doc.	Importe	NIF	Nome	Concepto
16/05/2017	EO0000 69	02/05/2017	15.159,30	B15608193	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	Liquidación de Campo de Fútbol de Herba artificial en O Pote (Maniños)

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

Fene, 21 de xuño de 2018

O alcalde,

Gumersindo Pedro Galego Feal”

Os grupos do BNG e mixto anuncian que se absterán na votación.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, intervén e explica que en varias ocasións manifestou o seu grupo as súas dúbidas sobre a execución e os materiais empregados na obra do campo de fútbol de Maniños, así que ao tratarse dunha factura que afecta a esa obra non votarán a favor e se absterán.

A concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, explica que se trata dun recoñecemento extraxudicial para abonar unha factura de maio de 2017, aínda que a obra foi conseguida polo alcalde actual na súa anterior etapa como alcalde coa colaboración da Deputación e indica que lle sorprende a postura do BNG coa súa abstención, xa que é unha factura que corresponde ao seu mandato e que quedou nun



caixón ascendendo a 15.159,30 euros. Sobre as dúbidas expresadas polo voceiro do grupo socialista, a Sra. Bértoa afirma que existe un informe do enxeñeiro municipal sobre as partidas que non se axustan e as que si, dando como resultado a presente factura.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, indica que o PP sabe cando se conseguiu o financiamento para realizar esta obra, e que non foi precisamente durante o goberno do PP, polo que a concelleira de Facenda acaba de mentir. Por outro lado, explica que a factura obxecto deste expediente quedou aí porque existía unha posible penalización á empresa por unha serie de incumprimentos e que non estaba en ningún caixón, senón á vista de todo o mundo, dado que estaba pendente de comprobación na Intervención municipal. Ademais, indica que a empresa quedou de facer unha serie de obras que non quedaron ben feitas, pero nunca as fixo e que por estes dous motivos estaba esta factura parada. Engade que se agora o goberno considera que a empresa xa fixo todo, que non hai ningunha penalización, perfecto, pero que no seu momento se apartou por algo.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, reitera que a súa postura débese a unha posición de coherencia respecto a todas as críticas que fixeron á execución desta obra e aos materiais que se utilizaron, especialmente o tipo de céspede.

A concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, sinala que se trouxo ao pleno ordinario de maio 2015 a cesión do campo de fútbol de Maniños coa aprobación da Deputación e que os grupos do BNG e de EU se abstiveron na votación; o resto non se acorda. Engade que cando houbo cambio de goberno na Deputación "cargáronse" o campo de fútbol do Maniños e tivo que ir a sociedade a pedirles alí por favor e se volveu recuperar grazas a un deputado de San Sadurniño. Aclara que a cesión do campo aprobouse polo Pleno da Deputación de febreiro de 2015. En canto ás penalizacións á empresa, pregunta a Juventino Trigo se desde maio de 2017 ata o 6 de abril de 2018 que foi alcalde foi incapaz de penalizar a esta empresa por incumprimento das obras. Di que non a deixou aparcada, pero si enriba da mesa e que lle parece increíble que dixera en prensa que el pagaba a 15 - 20 días. Recoñece que era verdade, pero porque el non gastaba nada, xa que foi incapaz de executar un POS desde o ano 2016.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, dille á Sra. Bértoa que pode mirar o expediente, dado que se lle ten que explicar el todo, non sabe para que está aí.

O alcalde, Gumersindo Galego, resposta ao voceiro do grupo do BNG que sabe que esta non é a única factura que deixou sen pagar, que tamén deixou a da Escola Infantil, a da depuradora de augas... O Sr. Trigo interrompe e o alcalde chámalo á orde. Lembra que o grupo do BNG, cando se aprobou a subvención do campo de fútbol de Maniños, colocou panfletos por todo Maniños dicindo que iso era unha tomadura de pelo por parte do PP.

O voceiro do BNG resposta que "o que vostede diga", que non perde o tempo.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo interposto pola intervención municipal á aprobación das facturas seguintes**

Data entrada	Núm. doc.	Data doc.	Importe	NIF	Nome	Concepto
16/05/2017	EO000069	02/05/2017	15.159,30	B15608193	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	Liquidación de Campo de Fútbol de Herba artificial en O Pote (Maniños)

**Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da factura que consta no expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/2018 por un importe total de 15,159,30 € .**



**Terceiro.- Autorizar e dispoñer do gasto e recoñecer a obriga a favor do proveedor, polo importe que se especifica e con cargo á aplicación orzamentarias 342/63200, e ordenar o seu pagamento:**

Data entrada	Núm. doc.	Data doc.	Importe	NIF	Nome	Concepto
16/05/2017	EO000069	02/05/2017	15.159,30	B15608193	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	Liquidación de Campo de Fútbol de Herba artificial en O Pote (Maniños)

**Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.**

#### **4. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía do cambio da determinación da dedicación dos concelleiros/as**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 27.06.2018 por 4 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 4 abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal):

##### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Na sesión plenaria do 16.04.2018 adoptouse o seguinte acordo:

“1º Aprobar a fixación das seguintes adicacións exclusivas:

- Alcalde-Presidente: 41.405,85 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro.
- Concelleiro/a 1: 27.726,68 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.

Conforme ao artigo 75.5 LBRL, por Resolución da alcaldía determinaranse os membros da Corporación que realicen as súas funcións con adicación.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con adicación

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de adicación percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias fixadas no acordo plenario do 07.07.2015.”

Posteriormente por Resolución da Alcaldía 406/2018 do 16 de abril acordouse:

“Determinar os seguintes membros da Corporación que exercerán as súas funcións con adicación exclusiva conforme ao aprobado polo Pleno municipal o 16.04.2018:

-Alcalde-Presidente: Gumersindo Pedro Galego Feal  
-Concelleiro 1: César Daniel Castro García”

O concelleiro César Daniel Castro García comunicou a súa intención de darse de alta como autónomo aos efectos de atender un local de hostalería, polo que se fai preciso modificar o réxime de dedicacións fixado polo Pleno municipal o 16.04.2018 coa finalidade de facer compatibles as súas dedicacións públicas e privadas.

Así mesmo, vese convinge a creación doutra dedicación parcial coa finalidade de atender ás maiores necesidades de dedicación das distintas áreas de goberno.

Consta informe de intervención 199/2018 favorable.



En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Modificar o acordo adoptado polo Pleno municipal o 16.04.2018 no seu punto quinto da orde do día respecto da determinación de concelleiros que exercerán os seus cargos con dedicacións que queda como segue:

1º Fíxanse as seguintes dedicacións:

- Alcalde-Presidente: dedicación exclusiva de 41.405,85 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro.
- Concelleiro/a 1: dedicación parcial de 13.863,34 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 50% da xornada laboral.
- Concelleiro/a 2: dedicación parcial de 13.863,34 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 50% da xornada laboral.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.

Conforme ao artigo 75.5 LBRL, por Resolución da alcaldía determinaranse os membros da Corporación que realicen as súas funcións con dedicación.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social os cambios da afiliación e alta dos concelleiros con dedicación que sexan precisos

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias fixadas no acordo plenario do 07.07.2015.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo P. Galego Feal."

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, di que se absterán porque se trata dun tema que só afecta á organización do goberno.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, afirma que seguen a respectar o consenso acadado en 2009 para a dotación mínima de persoal do goberno e que entenden que a proposta está dentro das marxes deste acordo, polo tanto, anuncia abstención na votación para facilitar a aprobación da proposta. Engade que o seu grupo fiscalizará que a organización do goberno sexa útil para os veciños e veciñas de Fene.

A voceira do grupo mixto, M<sup>a</sup> Carmen Martínez, anuncia abstención e di que fiscalizarán algo máis do que di o grupo socialista e controlarán que se cumpra ese 50% de dedicación.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**Modificar o acordo adoptado polo Pleno municipal o 16.04.2018 no seu punto quinto da orde do día respecto da determinación de concelleiros que exercerán os seus cargos con dedicacións que queda como segue:**

1º Fíxanse as seguintes dedicacións:

- **Alcalde-Presidente: dedicación exclusiva de 41.405,85 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro.**



- **Concelleiro/a 1: dedicación parcial de 13.863,34 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 50% da xornada laboral.**
- **Concelleiro/a 2: dedicación parcial de 13.863,34 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 50% da xornada laboral.**

**O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.**

**Conforme ao artigo 75.5 LBRL, por Resolución da alcaldía determinaranse os membros da Corporación que realicen as súas funcións con dedicación.**

**2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social os cambios da afiliación e alta dos concelleiros con dedicación que sexan precisos**

**3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias fixadas no acordo plenario do 07.07.2015.**

**5. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para declarar persoas non gratas aos compoñentes da "Manada"**

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal do BNG do 29.06.2018, que foi introducida na orde do día logo da súa ratificación pola unanimidade dos/as concelleiros/as:

**"MOCIÓN PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA "MANADA"**

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado venres, 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados "A Manada", condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os Sanfermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xuridicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

E como reacciona o Tribunal? Acordando que aos agresores deben manterse a 500 km de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, os maxistrados confinan á moza nunha suposta furna de cristal, e permite a libre deambulacón dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois logo, quen é o condenado: a vítima ou os seus agresores?

Non está demais lembrar que as Corporacións municipais son a expresión do mandato cidadá, e á marxe quedaríamos da sociedade se non recolleemos o clamor da rúa, o pensar e sentir de miles de mulleres e homes, ante a inxusta resolución a esta situación tan grave, que vai contra a liberdade de máis do 50% da poboación deste Estado: as mulleres.





Non só apoiamos todas as mobilizacións convocadas; rubricamos todos os manifestos e colaboramos en todas accións de rexeitamento que se teñan ou se vaian organizar, canalizando, a través dos instrumentos democráticos, ese clamor cidadá. Chegou o momento de dar un paso máis, e que sexan as Corporacións Locais as que, de motu propio, poñan o seu gran de area na denuncia desta inxustiza social e sumarse, por iniciativa propia, ao berro cidadá polo caso da Manada. É o momento de declarar persoas non gratas nos nosos concellos a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

Para deixar claro o rexeitamento aos agresores en todo o país, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave; é necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupo á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condeada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que, non era sen tempo, xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de ocupar espazos de recheo para situarse nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso.

O caso da Manada é o cumio do iceberg e debemos aproveitalo para visibilizar os centos de casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos; e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todos e todas entendamos que o silencio nos condena.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG de Fene solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. A declaración de persoas non gratas a:
  - José Ángel Prenda Martínez
  - Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
  - Jesús Escudero Domínguez
  - Ángel Boza Florido
  - Antonio Manuel Guerrero Escudero
2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.
3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.

Fene, 28 de xuño de 2018"

A concelleira do grupo do BNG, Alejandra Permuy, presenta a moción e pide o apoio de todos os grupos do Concello, dado que o 25 de novembro asinaron un manifesto contra a violencia de xénero e pensan que este é un bo momento para dar un paso máis.



O voceiro do grupo socialista anuncia o seu voto a favor da moción, entendéndoa nun sentido de crítica e rexeitamento a uns feitos absolutamente deleznable. Considera que sendo un caso terrible non é un caso único no conxunto do Estado. Pregúntase que pasa con resto das manadas, se as nomeamos tamén persoas non gratas, e co resto de crimes sexuais que se están a producir, e cos asasinatos, e aos asasinados da ETA. Pregúntase se van entrar na dinámica de estar declarando persoas non gratas a calquera que cometera un crime noxento, que son moitísimos. Engade que, de todas formas, este caso parécelles gravísimo. Cre que tería máis sentido unha moción na que se falase dun cambio legislativo no que as penas fosen as que teñen que ser, pero van apoiar a moción porque se quedan cun sentido xeral, de rexeitamento a uns feitos que lles parecen terribles, aínda que botan de menos que se inclúa a instancia ao poder legislativo a que modifique o marco legal vixente. Súmase á solicitude do grupo do BNG para que a moción sexa aprobada por unanimidade.

O voceiro do grupo Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, anuncia o voto a favor e afirma que botan de menos que a moción recolla a xeneralización do contexto, apoiar as reivindicacións existentes de cambios no código penal e, como exemplo, di que botan de menos un apoio á Universidade de Santiago de Compostela ao rexeitar a actitude do profesor de matemáticas que reiteradamente apoia estas actitudes, que apoiou a resolución xudicial defendendo á manada e cuestionou publicamente a opinión pública sobre a decisión de deixar libres aos seus membros.

A voceira do Grupo Mixto, M<sup>a</sup> Carmen Martínez, di que apoiará a moción e que está de acordo en que podería incluír unha petición de cambio legislativo. Invita ao Partido Socialista a que, agora que goberna, propoña ese cambio e que a que traian esa moción, garantíndolle que o seu grupo a apoiará. Entende que a moción non é declarar non gratos a estes cinco e deixar aos demais, senón que a través dela se visualicen todos aqueles casos que non son tan mediáticos. Dá lectura a unhas palabras da vítima da manada sobre a posta en liberdade dos cinco membros e di que aínda que só sexa por esta rapaza, polo que tivo que sufrir e polo feito da sentenza que consideran vergoñenta, vai votar a favor da moción.

A voceira do grupo do PP, Rocío Bértoa, afirma que nunca pensou debater sobre este tema nun Pleno municipal, xa que pouco ou nada pode facer o Concello ao respecto e menos o Pleno. Pregúntase que pasa con eses maltratadores condenados por sentenza firme, moitos de preto de aquí, un asasino confeso dunha muller ao outro lado da ría, casos de sona coma o da desaparición dunha rapaza na Pobra do Caramiñal, etc. Pregúntase se os van nomear persoas non gratas a todos ou a ningún. Di que o PP subscribe as palabras que vén de ler a concelleira do BNG, Alejandra Permuy, sobre que estas resolucións xudiciais son difíciles de entender para a sociedade, porque nos faltan coñecementos xurídicos. Di que ela, e cre que o resto dos seus compañeiros, se non teñen confianza na xustiza, mal van. Afirma que ela non leu a sentenza deste xuízo e non sabe se os membros do grupo do BNG a leron, que son como 200-300 folios. Engade que está claro que é un tremer na rúa, pero que o son tantísimas outras cousas, que están en contra de todo tipo de violencia e que cando se presentou aquí unha moción contra o terrorismo de ETA, o grupo do BNG votou en contra e non hai moito tempo. Sinala que pode subscribir enteiramente as palabras e poñerse na situación desa señora porque é muller e pode compartilas, pero pregúntase cal vai ser a tónica a partir de agora, se van traer unha relación de todas as persoas que están condenadas para que non poidan entrar en Fene.

Por outra banda, sobre a posibilidade de solicitar penas máis duras, afirma que goberno do Estado co PP aprobou por maioría absoluta a prisión permanente revisable para casos de agresións sexuais, de violencia, etc., pero que agora a van derrogar.

A voceira do grupo mixto, M<sup>a</sup> Carmen Martínez, á pregunta da voceira do PP sobre por que estas persoas e non outras, resposta que é porque hai que comezar por algún sitio. Pregunta se para ler a sentenza é preciso ter coñecementos xurídicos e di que ela pode lela aínda que non os teña. Explica que non foron admitidas a trámite todas as probas que presentou a vítima e que non ten confianza na xustiza. Cre que voceira do PP non pode poñerse na situación da vítima, nin ela nin ningunha persoa que non pasara por unha situación similar.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, reafirmase no dito anteriormente e matiza a afirmación da voceira do PP, Rocío Bértoa, sobre o endurecemento das penas. Explica que entre querer que se endurezan as penas en crimes tan graves como este e a prisión permanente revisable, entre o branco e negro, hai un abismo e unha gama de grises impresionante. É á voceira do grupo mixto dille que non dubide que internamente a organización socialista de Fene transmitirá ao seu partido a



necesidade de levar a cabo cambios legislativos nese campo e que agardan atoparse con representantes de EU no Estado para traballar na mesma liña.

O voceiro de Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, di que están a particularizar moito e que o importante é que haxa un cambio legislativo, cre que todos os membros deste Pleno rexeitan con claridade estes actos e que o que importa é que cousas como esta ocorran o menos posible.

A voceira do PP, Rocío Bértoa, agradece á voceira do grupo mixto que respostase ás preguntas que lle fixo ao grupo propoñente da moción, pero que non tiña por que contestar ela. Volve preguntar ao grupo do BNG se a partir de agora se van traer mocións similares ao Pleno, declarando persoas non gratas aos maltratadores, etc. Explica que non pon en dúbida que os 17 concelleiros do Pleno saiban ler, pero pon en dúbida a capacidade da voceira do grupo mixto para comprender as diferenzas entre un tipo de delito e outro, dado que as súas palabras a delatan; cre que queda moi lonxe de entender a sentenza cando fala de que unhas probas se admiten e outras non. Dille que debería ser máis prudente cando lle di que non se pode poñer na situación da vítima e que non son só as mulleres de esquerdas as que se poden poñer no lugar das mulleres maltratadas, vítimas de violencia ou discriminadas laboralmente. Lembra que a Sra. Martínez xa dixo, sobre as mulleres do PP, que as poría a todas en fila e lles cuspiría na cara, que xa sabe que as despreza, pero que as mulleres do PP tamén teñen sensibilidade. Engade que queda claro que as 17 persoas que están aquí condenan a actuación duns "sinvergüenzas" que a día de hoxe están condenados aínda que a sentenza non é firme, pero entende que non se poden estar traendo a este Pleno casos como este cando van quedar outros no camiño e reitera o tema dos asasinatos de ETA no que non votaron a favor. Di que queren darlles leccións de moral, pero só para o que lles interesa e que traen o que xa lles deron enlatado.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, afirma que a voceira do PP pretende desviar o sentido da moción, que sae con cousas que non teñen nada que ver e que eles queren centrar o debate, que nin queren falar de ETA nin das cunetas, senón deste caso en concreto. Indícalle que ela verá se queren votar en contra.

A voceira do PP, Rocío Bértoa, pregunta en concreto se traerán a este Pleno a condena á persoa que asasinou a unha rapaza que veraneaba na nosa provincia.

O Sr. Trigo reitera que están atendendo a esta moción e que o vaia pasar no futuro nin o sabe ela nin el.

A Sra. Bértoa reitera que os 7 concelleiros do PP realmente condenan esta actuación, pero se van abster polos motivos expostos e pola falta de compromiso do BNG para declarar persoas non gratas a todas as persoas que cometan este tipo de delitos.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 10 votos a favor (2 do grupo municipal Somos Fene, 4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 7 abstencións do grupo municipal do PP.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**1. A declaración de persoas non gratas a:**

- **José Ángel Prenda Martínez**
- **Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena**
- **Jesús Escudero Domínguez**
- **Ángel Boza Florido**
- **Antonio Manuel Guerrero Escudero**

**2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.**



**3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.**

**6. Mocións urxentes**

Non se presenta ningunha.

**7. Rogos e preguntas**

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, pregunta se nas novas contratacións de servizos e obras que está a facer o Concello se están pedindo ofertas e orzamentos a varias empresas e se se está a cumprir a lexislación en materia de contratación. Pregunta se hai xa data para a reunión co responsable de obras da Deputación para o asunto da mellora da seguridade viaria na zona dos institutos de Barallobre, que estaba solicitada polo Concello xunto cos veciños de Barallobre e o mesmo para a reunión da Asociación de Veciños de Magalofes con Augas de Galicia e a Deputación. Roga que se tomen medidas para evitar a desorganización existente entre áreas e concellerías e o conseguinte derroche económico que supón, e roga tamén que, como se fixo nos tres últimos anos, se siga utilizando a web municipal como medio de información á veciñanza de Fene, que se informe das actividades que fai o Concello e nas que colabora, nomea a non publicación da camiñata "Por + Vida", e ao mesmo tempo que se informe das incidencias que afectan aos veciños e veciñas, como os cortes de auga. Por outro lado, comenta que estes días limpouse o río Cádavo no parque liñal e que, como sucedera hai dous meses noutra zona, tirouse a maleza no río. Roga que nas limpeza do río, sexa quen sexa o responsable, se respecte a flora e a fauna e se tomen medidas para que non se produzan estas incidencias.

O concelleiro do BNG, Justo Martínez Ardá, roga que se lle facilite o informe policial sobre rebacheos solicitado por rexistro o pasado 15 de xuño e documentación en canto ao amaño de beirarrúas na Rúa dos Muíños. Por outro lado, di que teñen constancia de que os alumnos de FP de O Pazo xa fixeron o portalón do ximnasio da Casa da Cultura e que está pendente de instalar. Roga que retomen ese asunto canto antes e que se instale o portal. Roga a limpeza e rebacheo do Camiño de Souto Vello, en Limodre, baixando para Almieiras e que se amañe a tapa dun pozo rota no camiño que vai dende o Polígono ata o Limodre.

O alcalde, Gumersindo Galego, di que toman nota dos rogos e agredéceos, pero di que non están desorganizados como percibe o BNG. Sobre a reunión do deputado de obras da Deputación, informa que el xa se reuniu cos veciños e quedou de trasladarse á Deputación o último venres deste mes. Sobre a reunión de Magalofes, di que está solicitada a través do delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia de A Coruña e pendentes da axenda do presidente da Deputación, que dixo que quería asistir.

O Sr. Trigo pide aclaración sobre se os veciños de Barallobre van asistir á reunión co Deputado, e o alcalde di que na reunión con eles quedaron en que iría el só. Engade que a zona en cuestión, desde o cemiterio ata o Rego da Moa tamén está sen servizo de sumidoiros e que polo tanto solicitarán un proxecto para ver que custo pode ter este e se se pode facer.

A voceira do PP, Rocío Bértoa, sobre a solicitude de información do concelleiro do BNG Justo Martínez, di que está xa contestada e que lamenta que aínda non lle chegara, así como unha pregunta que fixo Juventino Trigo en relación cos servizos sociais. Sobre os temas de contratación de obras e servizos, a Sra. Bértoa resposta que non se está a pedir ofertas a distintas empresas porque agora xa non é necesario e sobre se se está a cumprir a normativa de contratación, di que el sabe igual ca ela que non se está cumprindo, dado que neste Concello hai desde tempos inmemoriais actividades culturais e deportivas sen contrato, que o único que está con contrato é o que sacou o goberno popular. Afirma que onde a están a cumprir e nas obras que están a sacar dos POS+ 2016 e 2017 e noutros temas de obras, pero que nestes tres meses non lles deu tempo a regularizar nada, aínda que agarda que en breve si que se poida.



O voceiro do BNG aclara que lle estaba a preguntar polas novas contratacións, posto que xa sabe como está o Concello desde hai moitos anos, se se cumpre a nova normativa que hai desde marzo nas novas contratacións, e que o dubida se di que non pediron máis dunha oferta.

A Sra. Bértoa dille que está equivocado e que non hai que pedir máis dunha oferta, e que tampouco se contrataron novos servizos. Di que hai que limpar as rúas, rozar, limpar a piscina... e que non sabe moi ben a que se refire o Sr. Trigo.

O alcalde engade que o POS+ 2018 sacrase conforme a nova Lei de Contratos.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, solicita que se lles conteste por escrito unha aclaración sobre as obras que se van poder facer cos plans complementarios dos anos 2016 e 2017. Roga que non se volva a repetir a falta de previsión de dotacións de servizos para as luminarias de San Xoán e que volvan pasar o tractor pola parte final de O Regueiro que quedou sen rozar. Roga tamén que se pase o tractor se é competencia municipal ou ben se inste con urxencia aos propietarios para que limpen a parcela que está en Tarrío ao lado da carnicería á marxe esquerda indo cara Perlío, xa que a maleza invade incluso parte das beirarrúas e o mesmo en Avda Naturais, no edificio que está a medio construír ao lado do Roibén. Sobre a limpeza do Río Cádavo, comenta que na parte final do mesmo, despois da Ponte, fíxose unha limpeza demasiado superficial e roga que se volva limpar en condicións para evitar inundacións. Traslada unha queixa veciñal da mesma zona, por onde pasa o río soterrado, posto que din que os tremores da rúa, cando pasa tráfico pesado, son maiores do habitual e roga que se faga un estudio en condicións sobre a seguridade nese tramo. Solicita información sobre o estado de tramitación da parcela con maleza na Rúa Travesa 26, dado que se levaron a sorpresa de que as informacións que lles transmitiron en anteriores ocasións non se referían á mesma parcela. Pregunta se vai haber algunha intervención de urxencia no Camiño de Piñeiro Manso en Maniños para acondicionalo para o tránsito. Roga que se coloque un porteiro automático no Colexio da Xunqueira na porta que dá ao Pavillón de forma que se incremente a seguridade no centro, dado que como está agora os nenos poden saír e entrar sen impedimento. Pregunta se teñen pensado repoñer as mesas que romperon no espazo verde da praia de San Valentín.

O concelleiro do grupo socialista, Joaquín Ayala, comeza solicitando información sobre os rogos do pleno anterior, sobre se houbo algunha reunión coa Fundación Cada e o Instituto Galego de TDH e trastornos asociados, que solicitan instalarse nun local en Fene, sobre a xestión da permuta do local de ASPANEPS, e sobre a entrega en dúas partidas das subvencións a Cáritas, Amigos de Galicia e ASPANEPS. Pregunta se este ano vai haber o programa de reforzo educativo para os alumnos de primaria do Concello de Fene, que se titulaba "Preparados, listos, xa" e se levaba a cabo durante os primeiros días do mes de setembro, antes de que comezaran as clases. E pregunta se vai haber o programa "Suma e segue", que eran unhas clases de reforzo en matemáticas, lingua inglesa, lingua castelá e lingua galega para alumnos de secundaria. Engade unha pregunta sobre as obras na Escola Infantil de Perlío.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, volve tomar a palabra e indica que hai uns minutos estaban aquí traballando uns operarios da empresa contratada polo Concello instalando un conector e traballando a máis de 2 metros de altura sen arneses, sen cascos, sen luvas de seguridade, etc. Di que non é unha responsabilidade directa do Concello, pero si subsidiaria de comunicarlles que hai unhas normas de seguridade que hai que cumprir e que xa é o colmo que o fagan diante deles mentres están reunidos no Pleno.

O alcalde, Gumersindo Galego, di que contestará por escrito a pregunta sobre as obras que se van facer cos plans complementarios, que toman nota dos rogos, e respecto ao da maleza en Tarrío, informa que teñen unha reunión os propietarios da zona de Centieiras esta semana para contratar entre todos a roza de todas as parcelas, e que o SEPES está requirido en todas as parcelas da súa propiedade para que proceda á limpeza. Sobre o de Naturais informa que xa se abreu expediente á empresa e se vai ditar unha medida cautelar e proceder ao peche porque a empresa está en liquidación. Engade que el mesmo falou co administrador concursal e dixo que se ían desentender e que ía saír a poxa en breve. Sobre a maleza en Travesa 26 di que non sabe como está pero que o mirará, e sobre a intervención en Piñeiro Manso resposta que si van facela para tapar todas as fochas e que despois se mirará para facer unha intervención máis profunda, ben botarlle un rego ou mirar de aglomerar. Sobre a permuta do local de ASPANEPS, o alcalde di que agarda traer a incorporación ao inventario de bens municipais ao próximo pleno.



A concelleira do PP, Ana M<sup>a</sup> Novo Picos, informa sobre o tema da Fundación Cada. Indica que falou cun membro da mesma para dicirlle que están abertos ás súas propostas, pero lle dixo que como en Fene non hai local agora xa están en Narón e está a gusto.

A concelleira do PP, Juana Barro Couto, sobre o reforzo educativo resposta que non lle soa que vaia haber e que o que hai previsto é o programa "Mocidade Activa", do que xa deu conta en comisión.

O concelleiro de obras, César Castro, do grupo Somos Fene, informa que teñen un orzamento para as obras na Galiña Azul de Perlío de hai dous ou tres anos dunha empresa, que esta fixo agora a visita ao centro e que pasarán unha actualización do orzamento e se procederá a realizar as obras, xunto co punto de encontro que require o Plan de Emerxencias.

O concelleiro de urbanismo, Juan José Franco Casal, do grupo do PP, resposta sobre a maleza da Rúa Travesa que antes non había expediente aberto, pero agora abriuse e se está a proceder á tramitación oportuna.

O concelleiro de servizos, Andrés Serantes Panceiras, do grupo do PP, sinala que respecto da persoa prexudicada pola parte non rozada do Camiño do Regueiro, falou con el esta mañá e cre que xa quedou solucionado o problema e con respecto ás mesas da zona verde da praia de San Valentín, informa si se van repoñer e que as van facer eles.

A voceira do grupo mixto, M<sup>a</sup> Carmen Martínez, roga que cando se faga unha pregunta, sexa en pleno ou en comisión, sexa respostada polo concelleiro ou concelleira encargado da área correspondente. Di que solicitou por rexistro información con respecto as axudas de emerxencia social, derivada de queixas das familias con axudas aprobadas, pero cos cartos sen ingresar e solicita que se lles dea resposta a esa cuestión, rexistrada o 25 de xuño con nº 4091. Roga que se rocen certas zonas que están case pechadas para o paso dos coches. Traslada un rogo dunha asociación veciñal para que revise o acceso á zona do Belelle, que se atopa practicamente inaccesible. Solicita se lle responde ao escrito rexistrado o 11 de maio no que preguntan por que estaban a podar as palmeiras de San Valentín, copia da retención de crédito para facer a poda e copia do informe técnico que aconsellaba esa poda. Pregunta cal é o criterio que se segue para a limpeza das marquesiñas, tipo de contrato, orzamento, etc., porque o outro día viron na zona de San Marcos 4 persoas limpando unha soa marquesiña.

O alcalde, Gumersindo Galego, di que toman nota e que as solicitudes que están por rexistro as revisarán mañá.

O concelleiro de Servizos, Andrés Serantes Panceiras, sobre a limpeza das marquesiñas, sinala que os criterios de actuación os marca a empresa e non eles. Sobre se hai contrato, di que non, que avisou a unha empresa como é habitual.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.29 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.